

AXENDA



Prezada comunidade:

A punto de completar o aforo do Acto de Apertura do Curso que celebraremos este mércores 9 de outubro na Facultade de CC.EE. da UVIGO, e coa xuntanza científica anual de ECOBAS en marcha para o vindeiro día 18, anunciamos que a final de mes teremos unha xornada de alto impacto coa visita da **Directora da Oficina Nacional de Proxección e Estratexia do Goberno de España**.

Esta semana tamén teremos o Curso de Introducción a R para o alumnado de Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial e no día de hoxe estamos a celebrar en Ourense o Día da Educación Financeira cun programa de primeiro nivel. Alguén da máis? Grazas por seguirmos!!



>>> **ENCONTRO CIENTÍFICO ECOBAS 2024** >>>

ENCONTRO CIENTÍFICO '24

Centro Colaborativo da rede CIGUS

VENRES, 18.10.24
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Universidade de Vigo USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA Co-funded by the European Union Fondos Europeos



Prof. Manuel J. Rocha Armada
Universidade do Minho

No marco da xuntanza da Asamblea Anual de ECOBAS, este día presentaremos informe de situación ao Comité Asesor Externo do noso Centro, celebraremos distintas reunións de traballo e teremos a honra de contar co profesor **convitado Manuel J. Rocha Armada como keynote speaker** da xornada. Encontro será presencial, exclusivo para membros ECOBAS e terá lugar en Santiago de Compostela.

AXENDA



DÍA DA EDUCACIÓN FINANCEIRA 2024: 2º ENCONTRO AFFE



Luns 7 outubro 2024

Día da Educación Financeira

2º ENCONTRO AFFE

ALFABETIZACIÓN FINANCEIRA EN CONTEXTOS ORGANIZATIVOS

Luns 7 de outubro de 2024
10:00 a 17:00 h
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da UVigo - Sala de lectura Ourense

PRESENCIAL: Aforo limitado

ONLINE: Via Teams

Imprescindible rexistro previo
INSCRIPCIÓN: www.ecobas.gal



Marco Trombetta
IE University



Ricardo Malagueño
University of Essex



Sara Fernández
ECOBAS-USC



Roberto Craña
Universidad de Burgos



Enrique Acebo
Universidad de León

Organizan:




Colaboran:





Coordinado polo IP **Ernesto López-Valeiras** e a investigadora predoutoral **Cristina Ilie**, xunto con **Sara Fernández** e **Marcos Álvarez**, membros permanentes de ECOBAS, hoxe estamos a celebrar o Día da Educación Financeira co 2º Encontro do Observatorio AFFE.

- Lugar: OURENSE. Facultade de CC. Empresariais e Turismo da UVIGO.
- Modalidade: híbrida.
- INSCRIPCIÓN PECHADA PARA ESTA ACTIVIDADE


ACTO APERTURA DE CURSO 2024/2025



MÉRCORES
09/10

Alumnado do **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial** e alumnado do **Mestrado Interuniversitario en Economía**, estamos a piques de pechar a inscrición para o Acto de Apertura do novo curso 2024/2025. Consulta o [programa do evento aquí](#).

O acto terá lugar na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo o mércores 9 de outubro a partir das 11.30 horas e contamos cun programa moi especial, no que contaremos cos seguintes conferenciantes convidados:



“Economics, Language and Theory”

Prof. Alí Kahn (Professor of Political Economy),
Johns Hopkins University (USA)



“Novos retos da carreira investigadora en management”

Prof. Carmen Cabello Medina
Universidad Pablo de Olavide (Sevilla)

- Lugar: Facultade de CC. EE. UVigo. Salón de Graos.
- Modalidade: presencial/online, de 11.30 a 14.00 h
- Contaremos con transporte para o alumnado procedente de fóra de Vigo.
- **Imprescindible INSCRIPCIÓN AQUÍ.**

AXENDA



>>> CURSO INTRODUCTORIO DE R: EXCLUSIVO PARA O ALUMNADO DE DOUTORAMENTO EN ANÁLISE ECONÓMICA E ESTRATEXIA EMPRESARIAL

10 e 11
OUTUBRO

O Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial organiza coa colaboración de ECOBAS o "Curso introductorio de R" en exclusiva para o alumnado matriculado neste programa. Este curso, que se desenvolverá en dúas xornadas nun total de 7 horas lectivas, será impartido polo Catedrático da UVigo [Javier Roca Pardiñas](#).



- **Persoas destinatarias:** exclusivo para o alumnado do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial.
- Modalidade: ONLINE. Imprescindible inscrición previa (gratuita).
- Entrega de diplomas ao alumnado participante.
- [Solicita aquí a túa praza.](#)

>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: LUIS M LOZANO

XOVES
17/10

Luis M Lozano, alumno do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial, presenta o traballo titulado "**Un enfoque interdisciplinar para a xestión das cadeas de suministro: decisións financeiras, cultura organizacional e políticas de sostibilidade**".



- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. EE. UVIGO, Aula 156
- ONLINE: imprescindible REXISTRO PREVIO (proximamente)
- Data: Xoves 17 de outubro de 2024, 13:00 h (CET)

>>> XORNADA: AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS COMO MOTOR DE TRANSICIÓN ENERXÉTICA

VENRES
18/10

No marco do [EU-NETS](#), proxecto de formación europeo para xestores de comunidades enerxéticas, celebramos en VIGO esta xornada coorganizada polo [Grupo VALFINAP](#) que lidera a investigadora de ECOBAS **Celia López Penabad** e que conta coa participación do [Programa Erasmus+](#).

- Persoas destinatarias: actividade aberta ao público xeral.
- [DESCARGAR PROGRAMA](#)
- Modalidade: PRESENCIAL.
- **INSCRICIÓN:** [Solicita aquí a túa praza.](#)




AXENDA



>>> CURSO INFERENCIA CAUSAL INFERENCIA CAUSAL CON APRENDIZAXE AUTOMÁTICA: APLICACIÓN Á ECONOMÍA DO CAMBIO CLIMÁTICO E AOS RISCOS FINANCEIROS

**23, 24, 25
OUTUBRO**

Este curso se enfoca na intersección entre a aprendizaxe automática, a inferencia causal e a súa aplicación na intelixencia artificial (IA) para abordar desafíos de sostibilidade. Se explicará como as técnicas de aprendizaxe automática (ML) e inferencia causal poden contribuir a solucións innovadoras en áreas coma o cambio climático e o desenvolvemento sostible.



O alumnado aprenderá, ademais, como estas tecnoloxías poden ser empregadas para entender mellor as relacións causais e mellorar a toma de decisións baseadas en datos. O curso se enmarca na Autumn School da USC e a promotora é a directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**.

- Lugar de impartición: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC.
- Horarios:
 - Día 23: de 9.00 a 14.00 e de 15.00 a 17.00 h
 - Día 24: de 9.30 a 14.30 e de 16.00 a 17.00 h
 - Día 25: de 9.30 a 14.15 h
- Máis información e inscricións: <https://www.cibereco.org/autumnschool/>

>>> CONFERENCIA-COLOQUIO COA DIRECTORA DA OFICINA NACIONAL DE PROSPECCIÓN E ESTRATEXIA DO GOBERNO DE ESPAÑA, SARA BALIÑAS

**MÉRCORES
30/10**

SAVE THE DATE!!! O mércores 30 de outubro levaremos a cabo en VIGO un encontro presencial coa Directora da Oficina Nacional da Oficina Nacional de Prospectiva e Estratexia do Goberno de España, Sara Baliñas.

Neste acto teremos a oportunidade de coñecer da man da súa responsable o balance destes primeiros cinco anos de percorrido da Oficina que naceu para analizar os retos e oportunidades que traerán as vindeiras décadas e de axudar ao país a prepararse para eles.

Será en horario de tarde, no centro da cidade, e moi pronto daremos a coñecer todos os detalles.



- Persoas destinatarias: actividade aberta ao público xeral.
- Modalidade: PRESENCIAL.
- IMPRESCINDIBLE INSCRIPCIÓN previa. Proximamente dispoñible.

ACTUALIDADE ECOBAS



»»» A INVESTIGADORA DE ECOBAS CRISTINA CALVO PORRAL, PREMIO DE INVESTIGACIÓN EMERALD LITERATI AWARDS 2024

O traballo titulado "[The influence of social media celebrity endorsement on beer and wine purchase behaviour](#)" e asinado pola investigadora permanente de ECOBAS Cristina Calvo Porral (UDC), en coautoría con Jean-Pierre Lévy-Mangin (Université du Québec en Outaouais), vén de ser recoñecido como Outstanding paper nos [Emerald Literati Awards 2024](#).



Cristina é Licenciada en ADE por ICADE (Universidad Pontificia de Comillas), Licenciada en Investigación e Técnicas de Mercado pola mesma institución e Doutora en Economía pola UDC. Conta con experiencia profesional de dez anos como responsable no Departamento de Internacionalización de Sociedad Textil Lonja, S.A. (Carolina Herrera y Purificación García) e ten recoñecidos dous sexenios de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para os períodos 2010-2015 y 2016-2021. Noraboa por este recoñecemento e moitos parabéns!!!

»»» ENTREGA DO PREMIO ESTUDIOS FINANCIEROS 2024 AOS INVESTIGADORES DE ECOBAS MARÍA BASTIDA E ALBERTO VAQUERO

O Diario da Universidade de Vigo (DUVI) e o xornal da USC recolleron esta semana a información sobre o **premio Estudios Financieros 2024** na modalidade de Contabilidade e Sostibilidade, galardón que este ano reconece o traballo 'Cando a misión pasa a ser propósito: medidas para un emprendemento sostible e equitativo' asinado polos investigadores de ECOBAS María Bastida e Alberto Vaquero, tamén en coautoría co profesor da USC Miguel Vázquez Taín.



- [Preme aquí para ler a nova do xornal da USC](#)
- [Preme aquí para ler a nova do DUVI](#)

»»» A DIRECTORA CIENTÍFICA DE ECOBAS, MARÍA LOUREIRO, DE NOVO ENTRE O TOP 2% SCIENTISTS' RANKING DA STANFORD UNIVERSITY



Por segundo ano consecutivo o prestixioso World's top 2% scientists' ranking de [Stanford University](#) fai constar entre a súa selección de científicos de todo o mundo á directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**.

Asemade, o actual Director da Oficina de Coordinación Económica da Xunta de Galicia, **Juan Carlos Reboredo**, investigador de ECOBAS en servizos especiais dende que asumiu o seu novo cargo na administración autonómica o pasado mes de abril, reedita tamén por segundo ano consecutivo a súa presenza no prestixioso ranking.

Podes consultar a información da listaxe, baseada en datos de [Elsevier](#), a través do buscador habilitado: [World's Top 2% Scientists \(topresearcherslist.com\)](#)

CONVOCATORIAS



>>> IV EDICIÓN DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

A consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional por medio da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades ten aberta a convocatoria da cuarta edición das axudas para Doutoramentos Industriais. Este apoio permitirá a contratación de 15 estudantes de doutoramento en empresas e centros de innovación e tecnoloxía galegos para desenvolver a súa tese doutoral.

- Tipos de proxectos que se apoian ==> **Proxectos de investigación** a desenvolver polas persoas doutorandas orientados á resolución das necesidades e problemas da empresa ou centro tecnolóxico, en colaboración cunha universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que se encargará da formación investigadora da persoa doutoranda.
- Destinatarios:
 - **Empresas e centros de innovación e tecnoloxía** con domicilio social ou centro de traballo en Galicia.
 - **Persoal investigador** matriculado nun Programa oficial de Doutoramento dunha universidade do SUG ou con compromiso de matriculación.
- Prazo: do 2 de outubro ao 4 de novembro de 2024.



>>> ABERTA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA CULTURA CIENTÍFICA 2024 DE FECYT

Ata o 30 de outubro de 2024 ás 13.00 h (hora peninsular española) está aberto o prazo para elevar a definitiva unha solucitude de parte de persoal investigador que teña unha idea ou proxecto que se axuste a esta convocatoria.



- [Descarga aquí as bases](#)
- Consulta a [data interna de revisión de solicitudes na túa Universidade](#)

>>> PREMIO DE INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA DE GALICIA “VALENTÍN PAZ ANDRADE”

O Consello Económico e Social de Galicia e o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da USC convocan a undécima edición do Premio de investigación en economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”.

- [Descarga aquí as bases](#)
- PRAZO: ata o 30 de outubro 2024

COMUNIDADE



>>> PREMIOS RAGC-UIE PARA INVESTIGADORAS E INVESTIGADORES XOVES

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e a Universidade de Empresa (UIE) convocan os Premios RAGC - UIE para investigadoras e investigadores XOVES.

Este galardóns preséntanse na súa primeira edición coa vontade de dar recoñecemento público ás traxectorias das persoas investigadoras xoves, para impulsar as súas carreiras profesionais a medio e longo prazo e contribuír a que sirvan de aliciente doutras persoas investigadoras.

Os premios dotados con 5.000€ un, convócanse en tres grandes áreas de coñecemento:

- CIENCIAS BÁSICAS
- CIENCIAS TÉCNICAS
- CIENCIAS SOCIAIS



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

uie | **Universidad**
Intercontinental de la Empresa

>>BASES e formulario de inscrición [AQUÍ](#)

>>PRAZO: ATA o 15 de Outubro.

>>> PREMIOS ENRIQUE FUENTES QUINTANA A TESES DOUTORAIS

Nominados na honra do eminente profesor, os Premios Fuentes Quintana teñen como obxectivo recompensar o esforzo, o compromiso e o duro traballo que esixe a realización dunha tese doutoral.

Se premian as seguintes categorías:

- Economía, Finanzas e Empresa
- Ciencias Políticas, Socioloxía e Comunicación
- Ciencias da Saúde e da Vida
- Humanidades
- Enxeñaría, Matemáticas, Física, Química e Arquitectura

funcas

[Descargar BASES](#)

PRAZO: ATA o 8 de novembro de 2024 ás 23:59 horas.

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

